



Remítese o día 12 de xaneiro do 2019 o borrador da acta da Asemblea Xeral Ordinaria da FGA, celebrada o 28 de decembro de 2019. No caso de apreciar calquera erro, en relación ao artigo 48º, apartado b dos estatutos da FGA, sobre a obriga do secretario xeral da FGA de **"redactar acta de todos os acordos"** rógovos que o comuniquedes a través do correo secretaria@atletismo.gal.

ORDE DO DÍA

1. Saúdo e benvinda do presidente da FGA
 - Lista de compoñentes
 - Designación de dous delegados escrutadores
2. Aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral anterior
3. Informe do presidente da FGA
4. Informe do Comité Galego de Xuíces da FGA
5. Informe da Secretaría Xeral da FGA
6. Informe da Dirección Técnica da FGA
7. Aprobación se procede, do Calendario e Normas Técnicas 2020
8. Aprobación, se procede, da liquidación definitiva do ano 2018
9. Aprobación, se procede, da liquidación provisional do ano 2019.
10. Aprobación, se procede, da normativa de licenzas 2020.
11. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos 2020.
12. Aprobación, se procede, do Plan Galego de Tecnificación 2020
13. Aprobación, se procede, do protocolo para a prevención, detección e actuación fronte ao acoso laboral e sexual, a discriminación e o abuso sexual
14. Aprobación, se procede, das propostas de melloras dos recintos atléticos
15. Estudo e debate das propostas presentadas polos asembleístas
16. Rolda de intervencións dos membros da Asemblea Xeral

1.- Saúdo e benvida do presidente. Lista de compoñente. Designación de dous delegados escrutadores

Sendo as 17,00 horas principia en segunda convocatoria a Asemblea Xeral. O presidente da FGA D. Isidoro Hornillos, no sucesivo I.H., saúda a todos os membros e agradécelles aos presentes o seu compromiso manifestado coa súa asistencia.

Último trimestre: I.H. xustifica a necesidade de facer esta xuntanza no último trimestre do ano polo cumprimento da Lei do Deporte de Galicia que indica no artigo 61.4 que: *"As federacións deportivas galegas aprobarán en asemblea, e durante o último trimestre do seu exercicio económico, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que ás subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devandito orzamento deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes desde a súa aprobación"*.

Data elixida. En relación á data elixida I.H. cre que foi a apropiada porque precisamente hai tan só uns días, o 19 de decembro de 2019, as federacións deportivas galegas coñeceron os orzamentos da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para asinar o convenio das subvencións ordinarias. Facer unha asemblea sen coñecer esta contía implicaría, dende o punto de vista da previsión dos orzamentos para o ano 2020, contar con menos rigorosidade.

Sede da asemblea. I.H. refírese tamén á sede da asemblea, recordando que supón unha das máis de 120 medidas do Plan Estratéxico 2019-2022, en concreto a número 82. Neste sentido, agradécelle ao presidente do Club Atletismo Santiago, Don Alfonso López Menduiña, a súa xestión á hora de conseguir que o Hostal dos Reis Católicos cedese a instalación para a celebración desta xuntanza.

Normativa da asemblea. O presidente da FGA recorda que a normativa de funcionamento da Asemblea Xeral que regulará a presente corresponde á aprobada o día 10 de febreiro de 2007 pola propia asemblea e que non houbo ningunha proposta posterior de modificación por parte de ningún estamento durante os últimos anos. Asemade, recorda que a convocatoria se fixo con máis de 15 días naturais, tal e como marcan os estatutos da FGA.

Remisión de documentación: I.H. recorda que foron remitidos 8 bloques de documentación, dentro do tempo marcado polos estatutos da FGA, coa seguinte cadencia:

- Envío 1º: Protocolo para a Prevención, Detección e Actuación fronte ao acoso laboral e sexual, a discriminación e o abuso sexual. Remitida o día 12/12/2019.
- Envío 2º: Calendario provisional de competicións da tempada 2020. Remitido o día 17/12/2020.
- Envío 3º: Regulamento de licenzas. Remitido o día 18/12/2019.
- Envío 4º: Pan Galego de Tecnificación 2020. Remitido o día 19/12/2019.
- Envío 5º. Actas da Asemblea anterior, ordinaria e extraordinaria. Remitidas novamente o día 19/12/2019. Xa foron enviadas con anterioridade en xaneiro do 2019.

- Envío 6°. Peche definitivo do 2017/2018; Peche provisional do 2018/2019; Proxecto de orzamentos de 2020. Remitido o día 20/12/2019.
- Envío 7°. Proposta de melloras dos recintos atléticos. Remitido o día 20/12/2019.
- Envío 8°. Regulamentación 2020. Remitida o día 21/12/2019, ás 21,03 horas, xustificado polo acordo da Asemblea Xeral do 21 de febreiro de 2009, non modificado dende entón.



Federación Galega de Atletismo

Asamblea Xeral Ordinaria

21 de febreiro do 2009. A Coruña



- **Proposta:** *(Consérvase a expresión e idioma utilizado)* “Unha das funcións da Asemblea Xeral reflectida no artigo 18º dos actuais Estatutos da FGA e “a aprobación dos regulamentos das competicións”. A nivel da Asemblea Xeral da RFEA, os temas técnicos (marcas mínimas, pesos artefactos, distancias, formas de clasificación... etc) foron transferidos ao Comité Técnico, por delegación expresa da propia Asemblea.
- Se solicita á Asemblea Xeral da FGA que delegue a aprobación dos temas técnicos, salvo o calendario de competicións, no Comité Técnico.

Votos a favor: 39	Votos en contra: 1	Abstencións: 0
-------------------	--------------------	----------------

Seguidamente o presidente da FGA propón facer un minuto de silencio polas persoas que faleceron na pasada tempada e que estiveron vinculadas ao atletismo galego. Refírese a Javier Guijarro, xuíz nacional do Comité Galego de Xuíces e a Natacha Astray, que foi unhas das pioneiras do atletismo galego e español feminino nos anos 60.



Isidoro Hornillos cédelle a palabra ao secretario xeral, Carlos Castro Vicente, para que proceda a pasar lista aos asistentes.

O secretario xeral procede a nomear cada un dos integrantes da Asemblea Xeral, solicitando, no caso dos representantes con poderes, a súa documentación acreditativa. Todos eles amosaron o D.N.I. No cadro da páxina seguinte indícase os asistentes así como os representante de clubs con acreditacións na Asemblea Xeral. O total de asistentes con dereito a voto, contabilizados ás 17,20 horas foi de 46 membros. O secretario xeral comunica este dato.

Tamén assistiron, sen dereito a voz nin voto, entre outros: Dolores Rojas, Almudena Míguez, David Ferrer e Flor Currás.

PRESIDENCIA DA FGA			
Presidente da FGA			
Isidoro Hornillos Baz	Si		
ENTIDADES DEPORTIVAS: AMBITO PROVINCIAL			
Entidades deportivas de A Coruña		Entidades deportivas de Lugo	
Atlética A Silva	Si	Club Atletismo Friol	Non
Club Atletismo Carballo	Si	Club Atletismo Franciscanos de Lugo	Non
Atletismo Coruña Comarca	Si	Club Dep. Maristas Lugo (Flavio Lombardía)	Non
Club Atletismo Fene	Non	Lugo Running by RL	Non
Club Atletismo Fontes do Sar	Non	Escola Atlética Lucense	Non
Club Atletismo Millaraio	Si		
Club Atletismo Narón	Si		
Club Atletismo Negreira	Non		
Club Atletismo Olympo	Si		
Club Atletismo Ria de Ferrol C. Arenal	Si		
Club Atletismo Riazor Coruña	Si		
Club Atletismo Santiago	Si		
Club Atletismo Sar	Si		
Club Compañía de María	Si		
Club Marineda Atlético	Si		
La Mochila del Deporte	Si		
Runaways (Running for Gen.)	Si		
Entidades deportivas de Ourense		Entidades deportivas de Pontevedra	
Asociación Dep. Limiactiva	Si	Asociación Deportiva Mazi	Si
Asoc. Deportiva Atlética do Sil (ADAS)	Si	Agrupación Viguesa de Atletismo	Si
Club Atletismo Arenteiro	Non	Club Atletismo A Estrada	Non
Club Atletas Veteranos Ourense	Non	Atletismo Cuntis	Si
Club Deportivo La Purísima	Non	Club Escola de Atletismo Deza	Non
Club Ourense Atletismo	Si	Club Atletismo Samertolameu	Non
Club Burgas Atletismo	Non	Club Atletismo Poio	Si
Club Carmelitas de Ourense	Si	Club Deportivo San Paio A Estrada	Si
Club Deportivo Aurum	Si	Club Atletismo Femenino Celta	Si
Escuela Ben Cho Shey	Si	Comesaña Sporting Club	Si
Ourenrunning	Non	Real Club Celta de Atletismo	Si
		Club Atletismo San Miguel de Marín	Si
		Club Deportivo Pinarium	Non
		Sociedad Atlética Val Miñor	Si
		Soc.Gimnástica de Pontev.	Si
		Sociedad Atlética do Trega	Si

ATLETAS, ADESTRADORES E XUÍCES			
Atletas de A Coruña		Adestradores: Circunscripción autonómica	
Candela Díaz Rivas	Non	Carlos Morales Velasco	Si
Eugenia Gil Soriano	Non	Santiago F. Saco Rivera	Si
Paula Iglesias Garnelo	Si	Juan Luis Trillo Caamaño	Non
Esther Pedrosa Carrete	Non	José Vicente Veiga Doldán	Si
José V. Rioseco López	Si		
Angeles Rodríguez del Río	Non		
Mauro Triana López	Non		
Atletas de Lugo		Xuíces: Circunscripción autonómica	
Marcos Cintrón Bellver	Non	Eloy Bretal Cancelas	Si
José María Díaz Días	Non	Ángel López-Montesinos Vázquez	Si
Atletas de Ourense		Mª Concepción Pérez Cerdeira	Si
Javier Cid Vázquez	Non	Guillermo Sandino Leira	Si
Óscar José Seoane Vázquez	Si		
Atletas de Pontevedra			
Mar Chillón Caamaño	Si		
Manuel Martínez Ageitos	Non		
Sergio Paredes Padín	Si		
Anxo B. Pérez Cougil	Non		
Víctor Pérez Currás	Si		

Acreditacións de clubs:

- Sociedad Atlética Val Miñor: D. Óscar Fernandez Vilar.
- Comesaña Sportin Club: D. Joaquín Pérez Pérez.

- Atletismo Cuntis: D. José A. Pardal Baños.
- Agrupación Viguesa de Atletismo: D. José Luis Domínguez González.
- Escola Atlética de Cebreiro Aguiar Ben Cho Shey: D. Eladio Gómez Rosales
- Deportivo Aurum: D. Rafael Alonso Martínez.
- Carmelitas Vedruna: D. Ángel Fidalgo Vázquez.
- Runaways (Running for Gen.): D. Juan Guerrero Pascual.
- La Mochila del Deporte: D^a Yolanda González Ferández.
- Compañía de María de Coruña: D. Julio Santiago Freijanes
- Atletismo Sar: D. Miguel Martínez Larrea.
- Atletismo Olympo: D. Jesús Vázquez Tallón.
- Atletismo Narón: D. Ramón Tasende Díaz.
- Atletismo Coruña Comarca: D. Diego Paz Martínez.
- Atletismo Carballo: D. Santiago Novo Mira.
- Atlética A Silva: D^a María José Fraga Graña

O reconto establece que son 46 os membros presentes na Asemblea Xeral

A continuación o secretario xeral solicitou dúas persoas voluntarias entre as persoas ou entidades con dereito a voz e voto para designar dous delegados escrutadores, sendo elixidos D^a María Rosario Castro Cabezas e D. Joaquín Pérez.

2 – Aprobación, se procede, da acta da Asemblea anterior

Toma a palabra o secretario da FGA, para indicar que a dita documentación foilles remitida en tempo e forma, concretamente en dúas ocasións, unha en xaneiro e outra neste mesmo mes de decembro, para un mellor estudo de devanditas actas. Joaquín Pérez refírese a que hai que indicar os nomes dos que alí representen aos clubs. O secretario indica que todas as persoas que participaron estaban perfectamente acreditadas, tal e como se verificou hai uns intres coas presentes.

O presidente da FGA constata a non pertinencia de establecer nesta parte ningún tipo de debate, xa que cada un expresará a súa opinión a través do seu voto. Recorda que se están sometendo dúas actas, a da Asemblea Ordinaria e a da Asemblea Extraordinaria, remitidas xa en dúas ocasións, ademais de ser enviadas tanto á Xunta de Galicia como ao Comité Galego de Xustiza Deportiva, sen ningún tipo de obxección ao respecto pola súa parte.

Javier López Viñas pide que se modifique na acta o seu nome, xa que aparece como José en lugar de Javier, e na súa proposta en lugar do número 2, deben figurar o 6 en referencia ao mínimo por categoría. Acéptanse as modificacións á mesma. Neste momento procédese á votación das actas anteriores, de forma conxunta.

Votos a favor: 38	Votos en contra: 1	Abstencións: 7
--------------------------	---------------------------	-----------------------

<i>Quedan aprobadas pola Asemblea Xeral as actas da últimas asembleas: ordinaria e extraordinaria.</i>

Indícase o voto negativo do Comesaña Sportig Club.

3 - Informe do presidente da FGA

Isidoro Hornillos presenta, coa axuda dun ordenador e canón proxector, un resumo sobre algunhas cuestións do atletismo galego. Indica que non será moi extenso xa que fará unha introdución e comentarios nos puntos seguintes, polo que procurará ser breve.

Principia a súa intervención compartindo cos asistentes unha reflexión persoal. Refírese, en xeral, a que a meirande parte dos asistentes coincidirán en que practicar atletismo supón subirse ao Fórmula 1 da motricidade de todos os deportes. Opina que non hai ningún deporte que atesoura a enorme riqueza motriz, cun caudal tan alto de contribucións coordinativas e unha grande bagaxe de expresións da condición física.

Prosigue, indicando que hai poucos deportes que ofrezan propostas competitivas a todas as franxas de idades, dende os máis cativos ata os máis maiores. Tamén se refire aos diferentes escenarios no que se pode desenvolver a práctica atlética, tales como pista ao aire libre, pista cuberta, ruta, campo a través ou montaña, que obrigan a unha alta dependencia de medios tecnolóxicos, materiais e achega humana, o que tamén encarece o seu desenvolvemento. .

A consciencia da complexidade do atletismo




O presidente da FGA refírese tamén aos diferentes obxectivos que poden confluír nos practicantes, dende o rendemento deportivo ata niveis máis saudables, pasando polo ámbito educativo, o que sen dúbida enriquece as achegas, pero tamén outorga, ás veces, puntos de vista contrapostos.

Por todo iso, prosigue, temos a responsabilidade de ofrecer un instrumento útil á sociedade, a todos os niveis indicados, e témolo que facer dende o lexítimo orgullo que debemos sentir por ter sido elixidos representantes dos diferentes estamentos, porque confiaron en nós. Asumimos unha responsabilidade voluntaria e temos que ofrecer o mellor de nós mesmos. Porque cando se fala de valores do deporte, continúa o presidente da FGA, en realidade supón unha afirmación un tanto adulterada, xa que os valores son das persoas e, por iso, o factor humano é vital en calquera proxecto deportivo.

En consecuencia, os desafíos aos que ten que enfrontarse o atletismo galego hainos que facer dende o consenso, o diálogo e a responsabilidade na toma de decisións. Somos un deporte de carencias. Todos respiramos inconformismo en xeral e uns poucos practican o victimismo, pero aquí ninguén sobra.

Sen dúbida, o atletismo galego segue medrando con pasos firmes, a todos os niveis. Por is, prosegue, quero poñer en valor o esforzo de todos. Dos atletas, como protagonistas supremos; dos adestradores, como dinamizadores e responsables técnicos dos deportistas; dos clubs, como estruturas imprescindibles; e dos xuíces, pola súa necesaria e tamén sacrificada presenza. Pero tamén dos directivos, tanto dos clubs grandes como pequenos; dos directivos da propia FGA, de todos os compoñentes das comisións que hoxe estiveron en Santiago reunidos. De persoas, como Benito Martín ou Santi Novo que colaboran co atletismo galego no que se lles pida ou de Conchi Pérez Cerdeira, que na sombra achega moito traballo e colaboración coas traducións ao galego. Son só algúns exemplos.

A continuación, o presidente da FGA fai un recoñecemento e gratitude a toda a familia do atletismo galego polo gran traballo feito na última tempada. Remata esta reflexión, parafraseando a Pablo Picasso: cando me din que son demasiado vello para facer algunha cousa, procuro facela enseguida. E dentro de dous anos a FGA vaise converter en centenaria. O seu futuro atópase nas nosas mans. Non podemos fallarlles aos mozos e mozas que confían neste deporte. Por iso, estou convencido que os acordos que hoxe se alcancen, democraticamente, será o mellor para afianzar o futuro do atletismo galego.



DOG **Diario Oficial de Galicia**

DOG Núm. 71 Venres, 13 de abril de 2012 Páx. 13233

- a) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas competicións.
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas
- c) Expedir licenzas deportivas nos termos establecidos nesta lei.
- d) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos por esta lei.
- g) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, as federacións deportivas galegas instruirán e resolverán os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título VIII desta lei.

Despois, falou tamén de que a FGA tivo pleno cumprimento das funcións públicas delegadas, aparte das funcións propias, que ten que afrontar cada ano e que veñen

marcada tanto na Lei 3/2012 do deporte de Galicia e nos propios estatutos da FGA. Dixo que se vai limitar a facer comentarios moi breves sobre as mesmas. Repasou só algunhas delas:

a) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas competicións (Seleccións Galegas).

O presidente da FGA informou de que a Selección Galega acudiu a todas as convocatorias establecidas na última tempada por parte da RFEA. Como novidade explicou que a FGA tamén se tivo que facer cargo da xestión organizativa e deportiva das seleccións galegas escolares. Foi unha das novidades que se nos comunicou a principios de 2019. Ata entón era a Secretaría Xeral para o Deporte a responsable de todo o proceso organizativo. Isto implica a necesidade de contar cun novo uniforme da selección, idéntico tanto para os escolares como para os federados para evitar diferenzas.

b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas (Campionatos de Galicia)

Isidoro Hornillos recordou que o número de campionatos de Galicia que na actualidade organiza a FGA supera á propia RFEA. Celébranse en todos os escenarios, tanto na pista, cuberta ou aire libre, ruta, campo a través e montaña (Trail). Algúns deles, en especial os propios das categorías inferiores, foron asumidos pola FGA, na época de plena crise, como consecuencia de que foron eliminados do programa do Deporte en Idade Escolar da Xunta de Galicia (actual XOGADE).

Referiuse tamén ao importante incremento de actividade que está tendo o atletismo de Galicia con preto de 400 competicións oficiais en Galicia en cada tempada, o que orixina un enorme traballo burocrático, estatístico, técnico e financeiro en cada unha das mesmas e unha alta complexidade á hora de elaborar o calendario de competicións.



ANO 2019	Campionato Galicia Absoluto CT Campionato de Galicia Sub18 e Sub16 CT Campionato Galicia de Cross Relevos Mixto Clubs Memorial Alejandro Lorenzo CT Campionato de Galicia Máster CT Campionato de Galicia de Trail Campionato de Galicia de Montaña	
ANO 2019	Campionato Galicia Absoluto Campionato Galicia Sub 23 Campionato Galicia Sub 20 e Sub 18 Campionato Galicia Sub 16 Campionato Galicia Sub 14-12-10 Campionato Galicia Probos Combinadas Campionato de Galicia Máster Copa de Clubs Absoluto Copa de Galicia Máster Trofeo Inauguración Pista Cuberta Control Pista Cuberta Campionato Galicia Clubs P. Combinadas	
ANO 2019	Campionato de Galicia Absoluto Campionato de Galicia Sub23 e Sub20 Campionato de Galicia Sub18 Campionato de Galicia Sub16 Campionato Galicia Sub14,12 e 10 Campionato de Galicia Máster Campionato Galicia de 5000 e 10000 m. Campionato Galicia Probos Combinadas Campionato Galicia Lanzamentos Sub16-18 Campionato Galicia Lanzamentos Largos Campionato Galicia Pentathlon Lanzam. Máster Campionato Galicia Clubs P. Combinadas (Menores) Campionato de Galicia de Marcha Inverno Campionato Galicia Clubs Sub20 y Sub18 Campionato Galicia Clubs Sub14-12-10 Copa de Clubs Absoluto	
ANO 2019	Campionato de Galicia de Maratón Campionato de Galicia de Media Maratón Campionato de Galicia de 10 km Campionato de Galicia de 5 Km Campionato de Galicia da Milla en Ruta Campionato de Galicia de Marcha en Ruta	



c) Expedir licenzas deportivas nos termos establecidos na presente lei

As licenzas emitidas pola FGA afectan a todos os estamentos: atletas, clubs, adestradores, xuíces e organizadores. Tras isto indica que, ano a ano, o atletismo galego ten maior presenza na sociedade galega e que, por exemplo, o incremento do número de licenzas de atletas da última tempada (+10,31%), acredita a dita aseveración. Fai tamén mención a algunhas variables estatísticas desas licenzas, por sexos, así como das propias de carácter nacional e autonómico. Asemade, ás mais de 60.000 licenzas de día, xestionadas no entorno das carreiras de ruta.

Evolución xeral número licenzas atletas




En relación aos clubs indica que xa estamos moi preto dos 140 rexistrados oficialmente na FGA. Tamén realiza comentarios en torno ás comarcas e provincias sobre estas entidades (ver gráficos respectivos). Ofrece o dato de que practicamente o 70% das comarcas galegas posúen, polo menos, un club de atletismo.

Despois, achega información de cada unha das provincias galegas.

MAPA COMARCAL GALEGO

Comarcas con club
Comarcas sin club


O 69,81% das comarcas galegas teñen, polo menos, un club de atletismo



MAPA MUNICIPAL GALEGO

Concellos con club
Concellos sin club

O 69,13% da poboación galega ten, polo menos, un club de atletismo no seu concello de residencia. No ano 2018 era dun 65%.



Na última tempada, recorda, era o 65% da poboación galega o que tiña, polo menos, un club no seu municipio de residencia. No último ano a dita porcentaxe ascendeu ata o 69,13%, sendo unha tendencia moi positiva.



CONCELLOS CON CLUBS PROVINCIA DE A CORUÑA

FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO

Concellos con club
Concellos sin club

O 71,45% da
poboación da
provincia da
Coruña ten, polo
menos, un club
de atletismo no
seu concello de
residencia



CONCELLOS CON CLUBS PROVINCIA DE LUGO

FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO

Concellos con club
Concellos sin club

O 56,67% da
poboación da
provincia da
Coruña ten, polo
menos, un club
de atletismo no
seu concello de
residencia



CONCELLOS CON CLUBS PROVINCIA OURENSE

O 54,71% da poboación da provincia da
Ourense ten, polo menos, un club de
atletismo no seu concello de residencia



CONCELLOS CON CLUBS PROVINCIA DE PONTEVEDRA

FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO

Concellos con club
Concellos sin club

O 77,09% da
poboación da
provincia de
Pontevedra ten,
polo menos, un
club de atletismo
no seu concello
de residencia



c) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral

Isidoro Hornillos recorda que, pese á grande cantidade de denuncias presentadas por parte do candidato á presidencia da FGA que perdeu as eleccións, intentando proxectar unha imaxe negativa do proceso, o grao de cumprimento desta función pública delegada á FGA foi pleno. Así o acredita a sentenza do Comité Galego de Xustiza Deportiva ao indicar que “**non se atopa comportamento irregular algún, senón mais ben ao contrario, unha maneira de proceder non só axeitada senón que sobradamente respectuosa e coidadosa coa tarefa que tiñan encomendada**”. No mesmo sentido, pronúnciase a Administración de Xustiza no contencioso-administrativo e con sentenza firme, que ratifica a anterior resolución da Xunta de Galicia, **desestimando o recurso e impoñendo un custo de 700 euros**. A meirande parte dos membros da Asemblea Xeral non son coñecedores destas sentenzas.

RESOLUCIÓN DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA DA XUNTA DE GALICIA

Venres, 30 de novembro do 2018



**XUNTA
DE GALICIA**

DESESTIMA o recurso interposto por D. Joaquín Pérez, por unanimidade. Refírese, asemade, a que a actuación da Xunta Electoral “*non se atopa comportamento irregular algún, senon más ben ao contrario, unha maneira de proceder no só axeitada senon que sobradamente respectuosa e coidadosa coa tarefa que tiñan encomendada*”.



De ahí que no hay, ni se justifica, la infracción del art. 12 del Reglamento electoral de la Federación Gallega de Atletismo, y en cuanto a la pretendida infracción del art. 24.13 del Reglamento electoral dicho art. se refiere a la proclamación definitiva del presidente de la federación y en la resolución impugnada del CGXD de 30 de noviembre de 2018 se confirma la resolución 14/2018 de la Junta electoral que se refiere a la publicación de resultados y proclamación provisional del presidente de la federación, de manera que tampoco se infringe el art. 24.13 del Reglamento electoral federativo.

**SENTENCIA
269/19**

QUINTO.- Por todo lo expuesto se debe de desestimar el recurso interpuesto y las pretensiones actuadas en la demanda.

SEXTO.- Y, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 139.1 de la Ley Jurisdiccional, dada la desestimación del recurso, las costas se imponen a la parte actora, con una limitación de 700 euros.

Vistos los preceptos legales citados y demás de general y pertinente aplicación,

FALLO

1.- Se desestima el recurso contencioso-administrativo nº 51/2019, interpuesto por D. JOAQUÍN PÉREZ PÉREZ, contra la resolución del Comité Galego de Xustiza Deportiva, de 30 de noviembre de 2018, por la que se desestimó el recurso nº 151/2018.

2.- Las costas se imponen a la parte actora, con una limitación de 700 euros.

Chegado a este punto, o presidente, Isidoro Hornillos, agradece a profesionalidade e dedicación do asesor xurídico D. Rafael Alonso Martínez, que estivo velando en todo momento para que o proceso electoral se desenvolvese con plenas garantías de legalidade. Contar cos seus servizos outorga unha enorme tranquilidade á FGA en todas as actuacións e decisións xurídicas. A súa experiencia e brillante currículo xustifican o seu prestixio profesional.



O presidente recordou que a principal misión da FGA, indicada no Plan Estratéxico 2019-2022, supón a de “Expandir e desenvolver a práctica atlética na Comunidade Autónoma de Galicia, impulsando a estruturación e ordenación do atletismo galego, coa finalidade de que a poboación teña acceso a unha práctica atlética oficial de calidade, independentemente da súa idade, obxectivos ou lugar de residencia, coa posibilidade de ser atendido por un técnico oficial e especialista, de integrarse nun club de atletismo próximo á súa contorna xeográfica e acceder a unha instalación atlética digna e co material necesario, na que poidan celebrarse competicións oficiais coa presenza de integrantes do Comité Galego de Xuíces”.

A ATENCIÓN PRIMARIA NO ATLETISMO GALEGO



Destacou que, dese principio reitor, emana o Plan Estratéxico 2019-2022, que conta con 128 accións concretas que xorden dos 9 eixes transversais e dos 6 eixes estratéxicos, indicadas na páxina seguinte, e que, progresivamente, se están desenvolvendo no atletismo galego. Considerando o tempo que precisaría para comentar todas as mesmas e a alta cantidade de puntos da Orde do Día non se vai referir ás mesmas, agás algún comentario moi preciso.



Por exemplo, dentro do eixe transversal de “Desenvolver os aspectos legislativos e normativos” inclúese a reforma dos Estatutos da FGA. Recordamos que foron aprobados na Asemblea Xeral Extraordinaria na súa última xuntanza. Posteriormente, foron presentados en xaneiro do 2019 na Xunta de Galicia, tal e como corresponde. Solicitaron algunhas aclaracións, que foron atendidas por esta FGA e, dende entón, provocouse un silencio administrativo. Legalmente tiñan un prazo máximo de tres meses para responder, dende a súa presentación no rexistro, segundo se indica no artigo 54, apartado 7 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia. Cóntase que tanto o secretario xeral para o Deporte como o subdirector xeral de Deportes da Xunta de Galicia, son conscientes desta situación.

O presidente da FGA tamén fixo mención a que, pouco a pouco, os clubs galegos van asumindo a organización de competicións, xunto ás agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas e a propia Federación Galega de Atletismo que, como entidades deportivas teñen como función esencial a práctica atlética e que deberán aplicar os seus recursos ao fomento das manifestacións de carácter físico-deportivo e a organización de actividades e competicións, tal e como se indica na Lei 3/2012 do deporte de Galicia.



Función esencial: a práctica deportiva. Aplicarán os seus recursos ao fomento das manifestacións de carácter físico-deportivo e á **organización de actividades ou competicións deportivas**. Cada ano, hai mais clubs que organizan.

Asemade, o presidente da FGA referiuse aos atletas que foron recoñecidos como Deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN) na última convocatoria, ofrecendo datos sobre a cantidade dos mesmos por federacións, situándose a FGA en terceira posición con 32 atletas na actualidade.



RELACIÓN DGAN POR FEDERACIÓNS

A 23 de outubro de 2019



Diario Oficial de Galicia

Na actualidade hai 435 DGAN recoñecidos

79. PIRAGUISTO	5. BILLAR
47. TAEKWONDO	4. DEPORTES DE INVIERNO
32. ATLETISMO	4. MOTOCICLISMO
31. VELA	4. REMO
23. LOITA E D.A.	4. BADMINTON
17. JUDO e D.A.	3. XADREZ
15. HALTEROFILIA	3. SQUASH
13. NATACIÓN	3. TENIS
13. TRIATLÓN	3. PESCA E CASTING
13. TIRO OLÍMPICO	2. ACTIVIDADES ACUÁTICAS
11. CICLISMO	2. RUGBY
10. KÁRATE E D.A.	2. BALONCESTO
9. KICKBOXING	2. GOLF
9. AUTOMOBILISMO	2. CAZA
9. SALVAMENTO E SOCORRISMO	2. FÚTBOL
7. XIMNASIA	1. TENIS DE MESA
7. SURF	1. TENIS CADEIRA DE RODAS
7. BOXEO	1. PENTATLÓN MODERNO
7. ORIENTACIÓN	1. MOTONÁUTICA
6. PATINAXE	1. MONTAÑISMO
5. TIRO CON ARCO	1. HÍPICA
5. DEPORTE ADAPTADO	1. BOLOS
5. ESGRIMA	1. BALONMÁN

Tamén ofreceu datos sobre as porcentaxes de atletas DGAN por sectores, constatando un maior equilibrio deportivo no atletismo galego, en relación a outras épocas.





ATLETAS RECOÑECIDOS DGAN

A 28 de decembro de 2019

FEDERACIÓN GALEGA
de ATLETISMO

APELIDOS	NOME	DATA DGAN	APELIDOS	NOME	DATA DGAN
Becerril Álvarez	Olala G.	14.3.2021	Navarrete Santana	Ester	5.4.2022
Ben Montenegro	Adrián	15.3.2020	Nieves Campello	Gustavo	15.03.2010
Casañas Hernández	Frank	23.7.2021	Okutu Kouletio	Jean Marie	14.3.2021
Chamosa Dacasa	Antía	11.10.2020	Osorio López	Pedro	14.3.2021
Chamosa Dacasa	Daniel	15.3.2020	Pais Rodríguez	Andrea	26.7.2020
Escariz Mella	Carmen	15.3.2020	Palomanes Martínez	José Alfonso	14.3.2021
Fernández López	Saleta	14.3.2021	Parada Santos	Lidia	5.4.2022
Galán Cambón	Denis	15.3.2020	Peleteiro Brión	Ana	15.3.2020
Gil Pérez	Leticia	14.10.2022	Pereira Daponte	Solange Andreia	5.4.2022
Gómez Costas	Irene	5.4.2022	Pérez Bugarín	Uxia	15.3.2020
González García	Andrea	5.4.2022	Requejo Santos	José Antonio	14.3.2021
Iglesias Gamelo	Paula	14.3.2021	Rivas Iglesias	Iria	14.3.2021
López Iglesias	Elian N.	23.7.2021	Román Sánchez	Ivanna Carolina	11.10.2020
López López	Sara	23.7.2021	Sainz-Maza Villar	Adolfo Antonio	14.3.2021
Maseda Dorado	Ivo	15.3.2020	Toimil Fernández	María Belén	5.4.2022
Meañós Asensi	Raquel	14.3.2021	Triana López	Mauro	11.10.2020

Por último, o presidente da FGA recordou que dentro do eixe transversal “*Mellorar a comunicación e imaxe da FGA*” e en concreto da acción número 92, creouse o Foro do Atletismo Galego, baixo o lema “**participa, propón e escoita**”. Indica que se celebraron 8 debates abertos na Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, O Barco de Valdeorras, Pontevedra e Vigo, aos que podía acudir calquera membro do atletismo galego, afeccionados ou medios de comunicación. Valora a experiencia como moi positiva, comprometéndose a manter os mesmos.

A Federación Galega de Atletismo, invítate a participar no

FORO DE DEBATE

8 datas distintas

Ás 20,00 horas

Próximos as pistas de atletismo

En todas as delegacións



Tema principal, entre outros que se desexen debater

Coa participación de Isidoro Hornillos, presidente da FGA; Carlos Castro, secretario xeral e director técnico da FGA; Julio Santiago, Secretario Técnico; Pepe Domínguez, director da Escola Galega de Adestradores e o delegado da FGA



ORGANIZA




COLABORAN



Asemade, Isidoro Hornillos dixo que se ultimou a proposta que hoxe será valorada pola Asemblea Xeral sobre o Plan Galego de Tecnificación Atlética 2020. Recoñece a importancia que terá o vindeiro decreto da Xunta de Galicia sobre o Alto Nivel, no

que, aparte de cambiarse a normativa da designación dos DGAN (Deportistas Galegos de Alto Nivel) e recoñecerse por primeira vez en Galicia aos adestradores e xuíces dentro do alto nivel, se contemple un escenario de tecnificación autonómica, mais alá do Centro Galego de Tecnificación de Pontevedra, a través da inclusión dos Núcleos de Adestramento Deportivo Especializado e os Centros de Alto Nivel.



En relación á captación de atletas con talento, unhas das accións importantes do Plan Galego de Tecnificación Atlética, á FGA propón un modelo intermedio ou mixto entre as dúas concepcións históricas: o Sistema Piramidal Xeralizado e o Sistema Planificado dende a Base.

Sobre outras cuestións que poderían ser obxecto de atención neste informe do presidente, Isidoro Hornillos indica que se referirá ás mesmas, en especial á orzamentaria e situación das instalacións no apartado correspondente.

4. Informe do Comité Galego de Xuíces da FGA

O presidente do Comité Galego de Xuíces (CGX), Eloy Bretal, foi comentando algúns aspectos importantes do seguinte informe, que se adxunta á presente acta.

ESTADÍSTICAS DE INTERESE TEMPADA 2018/2019

Número de xuíces con licenza na tempada:

Nesta tempada fixeron licenza pola FGA un total de **230** xuíces

Número de xuíces con actuacións:

Dos citados 230 xuíces un total de **156** teñen algunha actuación.

Dos citados 230 xuíces un total de **140** teñen máis de 3 actuacións na tempada.

Un **32%** dos xuíces con licenza **non actuaron na tempada** 2018/2019

Número de competicións controladas por xuíces do CGX:

O CGX controlou un total de **343** probas na tempada 2018/2019.

DESIGNACIÓNS DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES (CGX)

Total designacións

Este CGX fixo un total de 48 designacións a xuíces Nivel 2 e Nivel 3 nos postos de xuíz árbitro, Xurado de Apelación de Campionatos de Galicia e de director de reunión ou director técnico nos campionatos de España celebrados na nosa comunidade.

Total designacións fallidas:

Un total de 26 xuíces non aceptaron a designación feita por este CGX nos postos de xuíz árbitro ou Xurado de Apelación

Designacións nos postos de XA, Apelación de Ctos. de Galicia e DR de Ctos. España

A Coruña

- Jorge Blanco Chao
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de campo a través individual e clubes
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia absoluto e U20 de lanzamentos
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de clubes
 - Pt. Xurado de Apelación – Campionato de Galicia absoluto
- Carlos Estraviz Santiso
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia U10, U12, U14 de PC
 - Vocal Xurado de Apelación – Campionato de Galicia de clubes
 - Vocal Xurado de Apelación – Campionato de Galicia absoluto

- F. Javier Guijarro Díaz
 - Pt. Xurado de Apelación – Campionato de Galicia absoluto de PC
 - Xuíz árbitro de concursos – Campionato de Galicia absoluto
- Beatriz Rivas Murias
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia máster de campo a través
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia U16 de PC
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de 5km en ruta
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia U12
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de probas combinadas
- M^a Dolores Rojas Suárez
 - Xuíza árbitro de concursos – Campionato de Galicia absoluto de PC
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de lanzamentos U16, U18
 - Directora de reunión – Cto España 1^aD Masculina 1^a Xornada
- Guillermo Sandino Leira
 - Xuíz árbitro – Copa de Galicia de Clubes en PC
 - Director de reunión – Cto España 1^aD Femenina 1^a Xornada
 - Xuíz árbitro – Final Liga galega de inverno de menores

Ourense

- Elena Álvarez Mondelo
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de 10km
- Mercedes Diéguez González
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de montaña
- Manuel Garrido Toro
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de clubes U16, U20
- José M^a López del Río
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de 1km en ruta
- M^a del Carmen Pérez Conde
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de campo a través U16, U18, Relevos
- Ignacio Rego Tesouro
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de pentatlón de lanzamentos máster
 - Xuíz árbitro de carreiras – Campionato de Galicia absoluto

Pontevedra

- José M. Abreu Fernández
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de marcha en pista 2019
- Eloy Bretal Cancelas
 - Vocal Xurado de Apelación – Campionato de Galicia absoluto de PC
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia U10, U12, U14
- Raúl Bretal Cancelas
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia U14, U20, U23
- David Ferrer Fernández
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de probas combinadas de PC
- M^a Carmen Torres Castiñeira

- Xuíza árbitro – Campionato de Galicia escolar de campo a través
- Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de 10.000m
- Pta. Xurado de Apelación – Campionato de Galicia de clubes
- Xuíza árbitro – Campionato de Galicia U16, U18
- Xulio Ventín Rivas
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de marcha en Ruta 2018

Santiago

- A. Anxo Pérez Sánchez
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia máster de PC
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de milla en ruta
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de clubes de probas combinadas
- Ramón Jorge Touriño Lado
 - Xuíz árbitro de Carreiras – Campionato de Galicia absoluto de PC

Vigo

- M^a Eugenia González Ucha
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de clubes máster de PC
 - Secretaria Xurado de Apelación – Campionato de Galicia de clubes
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia de clubes máster
- J. Saturnino Molaes Álvarez
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia de trail
 - Xuíz árbitro – Campionato de Galicia máster
- Loreto Pérez Román
 - Xuíza árbitro – Campionato de Galicia U18, U20 de PC
 - Secretaria Xurado de Apelación – Campionato de Galicia absoluto

Designacións postos especialistas:

Dirección Técnica

Para as diferentes probas do calendario FGA e RFEA celebradas en Galicia non se fixeron designacións, xa que cada delegación conta con membros do panel RFEA de Dirección Técnica que se van turnando para realizar o dito labor nas competicións da súa delegación.

Cando non hai dispoñibilidade dos xuíces da delegación, entón se busca algún substituto dalgunha delegación próxima.

Unicamente se fixeron designacións para as probas de maior importancia:

- Campionato de España Máster de Pista Cuberta
 - Director Técnico: Ángel López-Montesinos Vázquez
 - Adxunto Director Técnico: Montserrat Barrio Rodríguez / Elena Álvarez Mondelo
- Campionato de Galicia absoluto de Pista Cuberta
 - Director Técnico: Ángel López-Montesinos Vázquez
- Campionato de España de clubes 1^aD Femenina 1^a Xornada

- Director Técnico: Jorge Blanco Chao
- Campionato de España de clubes 1ª D Masculina 1ª Xornada
 - Director Técnico: Eloy Bretal Cancelas
- Campionato de Galicia absoluto
 - Directora Técnica: Beatriz Rivas Murias

Medios científicos

Nomeamento dos seguintes postos de xuíces de medios científicos:

- Campionato de Galicia absoluto de PC
 - Iván Bestilleiro Fernández
- Campionato de España máster de PC
 - Rubén Martínez Vega
 - Yolanda Pavón Llamas
 - Iván Bestilleiro Fernández
- Campionato de Galicia de clubes
 - Rubén Martínez Vega
- Campionato de España de clubes 1ª D Femenina 1ª Xornada
 - Carlos Cerviño Calvar
- Campionato de España de clubes 1ª D Masculina 1ª Xornada
 - Guillermo Sandino Leira
- Campionato de Galicia U14, U20, U23
 - Carlos Fernández Vázquez
- Campionato de Galicia absoluto
 - Carlos Cerviño Calvar
 - Iván Bestilleiro Fernández

Saídas

No tocante ás saídas, fixéronse designacións nos campionatos de Galicia absolutos e nas probas do calendario nacional de maior importancia celebradas na nosa comunidade.

- Campionato de Galicia absoluto de PC
 - Coordinador: Manuel Garrido Toro
 - Xuíces de saídas: Eladio Gómez Rosales, Christian Paradelo García e Almudena Míguez Moreno
- Campionato de España máster de PC
 - Coordinador: Manuel Garrido Toro
 - Xuíces de saídas 1ª Xornada: Guillermo Sandino Leira, A. Anxo Pérez Sánchez e Francisco Javier Guijarro Díaz
 - Xuíces de saídas 2ª Xornada: Inocencio Pérez Román, David Ferrer Fernández e Margot Garnelo Merayo.
 - Xuíces de saídas 3ª Xornada: Loreto Pérez Román, Almudena Míguez Moreno e David Ferrer Fernández
 - Xuíces de saídas 4ª Xornada: Carlos Pita Saavedra, Patricia Quintas Carreira e Saturnino Molares Álvarez.
- Campionato de Galicia absoluto
 - Coordinador de saídas: Guillermo Sandino Leira
 - Xuíces de saídas: F. Javier Vázquez Martínez e Inocencio Pérez Román.

Foto Finish

No tocante ao posto de foto finish, fixéronse designacións nos campionatos de Galicia absolutos e nas probas do calendario nacional.

- Campionato de Galicia absoluto de PC
 - Xuíz xefe de foto finish: Ángel Fidalgo Vázquez
- Campionato de España máster de PC
 - Xuíz xefe de foto finish: Ángel Fidalgo Vázquez
 - Xuíz xefe de foto finish: Ignacio Rego Tesouro
 - Xuíz xefe de foto finish: Inocencio Pérez Román
- Campionato de Galicia absoluto
 - Xuíz xefe de foto finish: Ángel Fidalgo Vázquez
- Campionato de España de clubs 1ª D Femenina 1ª Xornada
 - Xuíz xefe de foto finish: Inocencio Pérez Román
- Campionato de España de clubs 1ª D Masculina 1ª Xornada
 - Xuíz xefe de foto finish: Rubén Martínez Vega

MARCHA

- Dolores Rojas Suarez (Panel World Athletics - WA)
 - Xuiza: C. de Galicia Marcha Pista, Narón 24/11
 - Xuiza: C. de Galicia de Invierno Ruta, A Pobra 19/1
 - Xuiza Xefa: C. de España Master PC, Ourense 8/3
 - Xuiza: C. de Galicia de Clubs, Ferrol 27/4
 - Xuiza: C. de Galicia Sub10 e Sub 12, Lugo 1/6
 - Xuiz Xefa: Copa de Galicia de Clubs Máster, Bastiagueiro 15/6
 - Xuiza: C. de Galicia Absoluto, Pontevedra 20/7
 - Xuiza: C. de Galicia de Invierno Pista, A Pobra 23/11
- Guillermo Sandino Leira (Panel European Athletics - EA)
 - Xuiz: C. de Galicia de Invierno Ruta, A Pobra 19/1
 - Xuiz: C. de España Máster PC, Ourense 8/3
 - Xuiz Xefe: C. de Galicia de Clubs, Ferrol 27/4
 - Xuiz: C. de Galicia Sub10 e Sub 12, Lugo 1/6
 - Xuiz: C. de Galicia Sub20 e Sub 23, Lugo 22/6
 - Xuiz: C. de Galicia Absoluto, Pontevedra 20/7
 - Xuiz: C. de Galicia de Invierno Pista, A Pobra 23/11
- Jorge Blanco Chao (Panel RFEA A)
 - Xuiz: C. de Galicia Marcha Pista, Narón 24/11
 - Xuiz: C. de Galicia de Invierno Ruta, A Pobra 19/1
 - Xuiz: C. de España Máster PC, Ourense 8/3
 - Xuiz: C. de Galicia Sub 16 e Sub 18, Vigo 25/5
 - Secretaría: C. de Galicia Sub10 e Sub 12, Lugo 1/6
 - Xuiz Xefe: C. de Galicia Sub20 e Sub 23, Lugo 22/6
 - Xuiz: C. de Galicia de Invierno Pista, A Pobra 23/11
- Mercedes Diéguez Gonzalez (Panel RFEA A)
 - Xuiza Área Penalización: GP Internacional Cantones A Coruña 8/6
 - Xuiza: GP Cantones de A Coruña-Probos Menores 8/6
 - Xuiz Xefa: C. de Galicia Absoluto, Pontevedra 20/7

- Francisco Javier Guijarro Díaz (Panel RFEA A)
 - Xuíz Xefe: C. de Galicia de Invierno Ruta, A Pobra 19/1
 - Xuíz Xefe: C. de Galicia Marcha Pista, Narón 24/3
 - Secretaría: C. de Galicia Máster PC, Ourense 3/3
 - Xuíz: C. de Galicia de Clubes, Ferrol 27/4
- Elena Alvarez Mondelo (Panel RFEA B)
 - Xuíza: Campionato de Galicia Máster PC, Ourense 3/3
 - Secretaría: GP Internacional Cantones de A Coruña 8/6
- Montserrat Barrio González (Panel RFEA B)
 - Xuíza: C. de Galicia Máster PC, Ourense 3/3
 - Xuíza: C. de Galicia de Clubes, Ferrol 27/4
 - Xuíza: C. de Galicia Sub 16 e Sub 18, Vigo 25/5
 - Xuíza: GP Cantones de a Coruña-Probos Menores 8/6
 - Xuíza: Copa de Galicia de Clubs Máster, Bastiagueiro 15/6
 - Xuíza: C. de Galicia Sub20 e Sub 23, Lugo 22/6
 - Xuíza: C. de Galicia Absoluto, Pontevedra 20/7
- Alejandra Fernández Fernández (Panel RFEA B)
 - Xuíza: C. de Galicia Marcha Pista, Narón 24/3
 - Xuíza Área Penalización: C. de Galicia de Clubes, Ferrol 27/4
- David Ferrer Fernández (Panel RFEA B)
 - Xuíz: GP Cantones de A Coruña-Probos Menores 8/6
- Manuel Garrido Toro (Panel RFEA B)
 - Xuíz: C. de España Máster PC, Ourense 8/3
 - Secretaría: GP Internacional Cantones de a Coruña 8/6
- Eugenia González Ucha (Panel RFEA B)
 - Adx Xuíz Xefe: C. de Galicia de Invierno Ruta, A Pobra 19/1
 - Xuíza Xefa: C. de Galicia Sub 16 e Sub 18, Vigo 25/5
 - Xuíza: C. de Galicia Sub10 e Sub 12, Lugo 1/6
 - Secretaría: C. de Galicia Absoluto, Pontevedra 20/7
 - Xuíza: C. de Galicia de Invierno Pista, A Pobra 23/11
- Miguel Angel Martínez Larrea (Panel RFEA B)
 - Xuíz: C. de Galicia Sub 16 e Sub 18, Vigo 25/5
 - Xuíz: C. de Galicia Sub20 e Sub 23, Lugo 22/6
- Almudena Míguez Moreno (Panel RFEA B)
 - Xuíza: C. de Galicia de Invierno Ruta, A Pobra 19/1
 - Xuíza: C. de Galicia Marcha Pista, Narón 24/3
 - Xuíza: C. de Galicia de Clubes, Ferrol 27/4
 - Xuíza Xefa: C. de Galicia Sub10 e Sub 12, Lugo 1/6
 - Xuíza: GP Cantones de a Coruña-Probos Menores 8/6
 - Xuíza: Copa de Galicia de Clubs Máster, Bastiagueiro 15/6
 - Xuíza: C. de Galicia Sub20 e Sub 23, Lugo 22/6

- Secretaría: C. de Galicia de Invierno Pista, A Pobra 23/11
- Loreto Pérez Román (Panel RFEA B)
 - Secretaría: C. de Galicia de Invierno Ruta, A Pobra 19/1
 - Xuíza Xefa: C. de Galicia Master PC, Ourense 3/3
 - Xuíza: C. de Galicia Sub10 e Sub 12, Lugo 1/6
 - Xuíza Xefa: GP Cantones de a Coruña-Pruebas Menores 8/6
 - Xuíza: C. de Galicia de Invierno Pista, A Pobra 23/11
- Patricia Quintás Carreira (Panel RFEA B)
 - Xuíza: C. de Galicia de Invierno Ruta, A Pobra 19/1
 - Xuíza: C. de Galicia Máster PC, Ourense 3/3
 - Secretaría: C. de Galicia de Clubes, Ferrol 27/4
 - Xuíza: C. de Galicia Sub 16 e Sub 18, Vigo 25/5
 - Xuíza: C. de Galicia Absoluto, Pontevedra 20/7

RELACIÓN DE SEMINARIOS/EXAMES ORGANIZADOS POLO CGX

- IV Congreso Galego de Xuíces
 - Celebrado en Pontevedra o 17 de novembro de 2018.
 - Asistiron 68 xuíces de toda Galicia.
- Seminario Autonómico de Saídas
 - Para xuíces de Ourense, Valdeorras e Lugo, realizado en Ourense
 - Asistiron un total de 8 xuíces
6. Actividade deportiva de promoción. Para esta partida concédense 1.791 €. As bases do convenio indican que *"inclúe actuacións en idade escolar, de promoción do xénero menos representado e de inclusión de deportistas con discapacidade"*. A pesar de que o atletismo está integrado na Federación Galega de Deporte Adaptado, cada ano hai maior presenza de practicantes con discapacidades nas competicións do calendario da FGA. Faise necesario desenvolver cursos de formación dentro do Comité Galego de Xuíces para asumir ese reto, encaixando na xustificación xa que a Xunta de Galicia inclúe, entre outras, *"Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento das actividades"*.

7. Outros proxectos de especial relevancia. A Xunta de Galicia concede 22.000 € para afrontar *"Gastos derivados da organización e execución do proxecto. Os*


importes asignados aos proxectos deste programa terán carácter finalista.
Refírese ao Gran Premio Internacional de Marcha Atlética Sergio Vázquez e ao Campionato de España Absoluto de Pista Cuberta. A FGA solicitoulle á Secretaría Xeral para o Deporte que dita cantidade fose destinada á actividade deportiva ordinaria para que os Campionatos de Galicia sexan menos deficitarios.


En definitiva, as decisións tomadas pola Xunta Directiva e Comisión Delegada e propostas á Asemblea Xeral, son moi meditadas. En ningún momento se barallou a posibilidade de eliminar actividade, xa sexa quitando campionatos de Galicia ou reducindo a participación da Selección Galega, xa que se consideraría moito máis negativo para o atletismo galego.

A pesar da subida proposta á Asemblea Xeral, e no caso das licenzas autonómicas de atletas galegos fichados en clubs de Galicia, que supoñen en torno ao 84% do total, as cotas proseguen por debaixo da media estatística nacional, en todas as categorías. No mesmo sucede coas licenzas dos clubs autonómicos e nacionais.

Cuotas de licencias 2020 de atletas fichados en clubs de su Comunidad

FEDERACIÓN	Sub8	Sub10	Sub12	Sub14	Sub16	Sub18	sub20	Sub23	Senior	Máster
Andalucía	13	13	13	24	24	27	39	56	56	63
Aragón	12	12	12	25	25	38	38	66	66	72
Asturias	42	42	42	42	63	75	75	114	114	130
Baleares	5	5	5	23	23	42	57	67	67	67
Canarias	23	23	23	23	28	37	37	49	54	58
Cantabria	11	11	5	5	5	8	47	54	54	54
Castilla La Mancha	22	22	22	39	39	42	42	70	70	75
Castilla y León	25	25	25	25	25	60	60	60	60	60
Cataluña	29	29	29	29	41,25	87	87	99	99	112
Extremadura	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
Galicia	12	12	12	15	15	39,53	39,53	52,18	62,18	67,81
La Rioja	8	24	24	24	24	35	35	57	57	61
Madrid	22	22	22	23	23	33	36	52	52	59
Murcia	24	24	24	24	24	32	32	49	49	55
Navarra	38,5	38,5	38,5	38,5	38,5	55,5	55,5	90,5	90,5	95,5
País Vasco					38	53,5	53,5	74,5	77,5	84
Valencia	34	34	34	34	41,25	49,25	49,25	76,75	76,75	81,75
MEDIA	22,97	23,97	23,59	27,53	30,82	44,75	48,81	66,70	67,76	73,06





Nestes momentos toma a palabra o vicepresidente 1º da FGA, Eladio Gómez, para defender a proposta de normativa de licenzas do 2020 aprobada pola Xunta Directiva e Comisión Delegada, poñendo de relevancia aqueles aspectos máis importantes, como son a creación da licenza Sub 8, actualización do custo das licenzas e o cambio do seguro de accidentes deportivo para a tempada 2020. O regulamento de licenzas foi aprobado nunha primeira o 21 de setembro do 2019 en reunión de Comisión Delegada e Xunta Directiva en Santiago de Compostela, e nunha segunda fase o 4 de novembro de 2019 mediante a aplicación de reunións on_line de Councilbox en canto á tramitación das licenzas.

Recalca a necesidade da creación da licenza Sub 8 para darlles a cobertura legal e asistencial aos clubs. Sen que por iso, e así queda constancia, se chegue a facer ningún tipo de campionato para esta categoría, nin tampouco se establecerá ningunha competición con clasificacións nin marcas oficiais para eles, en todo caso realizaranse actividades de promoción. En canto á licenza de organizador, séguese a liña que establece a propia RFEA para darlles voz aos organizadores das probas en Galicia.

En canto á actualización do custo de licenzas, suscribe as explicacións realizadas á asemblea polo presidente da FGA. A actividade que ten que realizar a FGA é crecente e a contribución das institucións cada vez é menor, sen perder a referencia doutras federacións autonómicas de atletismo, no que a FGA se sitúa por debaixo da media. Hai que establecer un custo de licenza equiparable noutros deportes na nosa comunidade autónoma, na que a FGA tamén está situada por debaixo da media.

Se ben o aumento do custo das licenzas vese mitigado grazas á redución que supón o custo do seguro, que, grazas ás xestións da FGA, conseguiu despois de analizar as propostas realizadas por Case, Mapfre e Allianz, cuxa xestión pasa da Correduría de Seguros de Vihaso á de Abanca Seguros, establecendo Mapfre para os seguros de accidentes e Caser para o seguro de responsabilidade civil, que ofrece o mesmo servizo que a empresa anterior (Allianz) a un custo menor. Por isto é necesario dito incremento nas licenzas, ou se soben os ingresos ou se diminúen os gastos, polo que

a única vía alternativa sería a de reducir a actividade, dado que xa é inviable apretar máis ao persoal federativo, o que suporía deixar de facer a cantidade de campionatos de Galicia que actualmente se están facendo, deixando de lado todos aqueles que a Xunta de Galicia non subvencione. Chegado este momento ábrese unha quenda de intervencións, o que suscita un debate entre os diferentes membros da Asemblea.

COTAS LICENZAS FGA

ATLETAS CON FICHA POLA FGA de clubs galegos e independentes	Categoría	FGA	SEGURO	TOTAL
	Máster	35 €	32,81 €	67,81 €
	Sénior	35 €	27,18 €	62,18 €
	Sub 23	25 €	27,18 €	52,18 €
	Sub 20	25 €	14,53 €	39,53 €
	Sub 18	25 €	14,53 €	39,53 €
	Sub 16	15 €	*	15 €
	Sub 14	15 €	*	15 €
	Sub 12	12 €	*	12 €
	Sub 10	12 €	*	12 €
	Sub 8	12 €	*	12 €
	Atletas clubs fóra de Galicia	200 € (Seguro incluído)		

de 6 a 16 anos, está cuberto polo seguro de XOGADE

CLUBS	FGA	
	División de Honra	250 €
	1ª División	200 €
	Nacional	150 €
	Autonómicas	100 €
	Clubs Nova Creación	50 €

ADESTRADORES/AS **		FGA	RFEA	SEGURO **
	RFEA Nacional/Grao T3	30 €	83 €	16,05 €
	RFEA de Club/Grao T2	30 €	69 €	16,05 €
	RFEA Monitor /Grao T1	25 €	45 €	16,05 €
XUÍCES **	RFEA Nivel III	20 €	68 €	16,05 €
	RFEA Nivel II	20 €	68 €	16,05 €
	RFEA Nivel I	20 €	52 €	16,05 €
	Autonómico	20 €		16,05 €
	Aspirante	0		16,05 €

** Exentos aqueles xuíces/zas e adestradores/as con licenza de atleta en vigor.

Antes de proceder á votación, Víctor Pérez Currás pide que o voto sexa secreto. O presidente da FGA lembra que, amparándose no artigo 24 dos Estatutos da FGA, é posible facelo, pero require o consentimento de polo menos o 25% dos assembleistas.

O asesor xurídico da FGA, Rafael Alonso, engade que se o piden máis do 25% someterase á Asemblea se a votación será secreta ou a man alzada.
Neses momentos hai presentes 43 assembleistas.

Procédese á votación da aprobación do voto secreto para este punto da orde do día.

Votos a favor: 16	
--------------------------	--

<i>Superado o 25%, apróbase someter á Asemblea se a votación se realizará a man alzada ou secreta.</i>

Sométese a votación da Asemblea, apelando ao artigo 24 dos Estatutos da FGA, o voto secreto para a aprobación deste punto da orde do día.

Votos a favor: 18	Votos en contra: 24	Abstencións: 1
--------------------------	----------------------------	-----------------------

<i>Non se aproba a votación secreta, polo que será realizada a man alzada.</i>

Prosegue o debate entre os diferentes assembleistas. Estando presentes na sala neses momentos 43 membros, sométese a votación a aprobación, se procede, da normativa de licenzas 2020.

Votos a favor: 28	Votos en contra: 15	Abstencións: 0
--------------------------	----------------------------	-----------------------

<i>Queda aprobada pola Asemblea Xeral a normativa de licenzas 2020.</i>
--

Votan en contra a Agrupación Viguesa de Atletismo e o Comesaña Sporting Club, Club Atletismo San Miguel de Marín, Sociedad Atlética do Trega e Víctor Pérez.

Así mesmo, Isidoro Hornillos desexa que conste en acta o agradecemento da Presidencia da FGA á confianza expresada pola Asemblea con esta aprobación, baixo o seu punto de vista, dunha forma moi responsable.

11 – Aprobación se procede do proxecto de orzamentos

Antes de dar paso á tesoureira o presidente da FGA matiza que se trata dun proxecto baseado nos datos obxectivos do ano 2019, aclarando que durante o ano pasado houbo ingresos extras en Equipación Deportiva e Igualdade, descoñecendo se no 2020 nos corresponderá algo, xa que a Xunta de Galicia quere dar prioridade a aquelas entidades que non recibiran nada no 2019.

Polo demais, a FGA seguirá cumprindo o Plan de Viabilidade aprobado pola Comisión Delegada e presentado á Xunta de Galicia, polo que se confía en ter un balance positivo ao peche do exercicio, preto dos 70.000 euros, o que permitiría eliminar totalmente o Patrimonio Negativo Neto.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



ORZAMENTOS 2020	ORZAMENTOS 2019	ORZAMENTOS 2020	Diferenza entre os orzamentos do 21/09/2019 e os orzamentos do 28/12/2019	Porcentaxe de diferencia	% sobre o 100%
	Celebrada o día 21/09/2019	Celebrada o día 28/12/2019			
Resultado do exercicio	47.458,82	69.877,00		%	%
I: TOTAL INGRESOS	1.069.855,84	1.067.847,00	-2008,84	-0,19%	100,00%
1. Subvencións Xunta de Galicia	304.293,65	230.387,00	-73.906,65 €	-32,08%	21,57%
2. Servizos Provinciais da Xunta de Galicia: XOGADE	49.183,91	49.500,00	316,09 €	0,64%	4,64%
3. Deputacións Provinciais	59.468,75	61.510,00	2.041,25 €	3,32%	5,76%
4. Concellos galegos	328.991,66	332.600,00	3.608,34 €	1,08%	31,15%
5. Ingresos propios	267.467,87	300.800,00	33.332,13 €	11,08%	28,17%
6. Outros ingresos	60.450,00	93.050,00	32.600,00 €	35,03%	8,71%
II: TOTAL GASTOS	1.022.397,02	997.970,00	-24.427,02 €	-2,45%	100,00%
1. Correo e comunicacións	16.000,00	17.000,00	1.000,00 €	5,88%	1,70%
2. Persoal federativo: sede central e delegacións	131.846,17	132.170,00	323,83 €	0,25%	13,24%
3. Servizos externos	38.083,78	39.340,00	1.256,22 €	3,19%	3,94%
4. Campionatos de Galicia	155.908,33	157.550,00	1.641,67 €	1,04%	15,79%
4. Ahorro custos Campionatos de Galicia	-45.700,99	-35.000,00	10.700,99 €	-30,57%	-3,51%
5. Outras competicións	255.156,92	258.610,00	3.453,08 €	1,34%	25,91%
6. Outros gastos de competicións	103.755,46	90.900,00	-12.855,46 €	-14,14%	9,11%
7. Seleccións galegas	66.374,38	84.000,00	17.625,62 €	20,98%	8,42%
8. Plan Galego de Tecnificación	106.124,55	80.000,00	-26.124,55 €	-32,66%	8,02%
9. Gastos directos por actividades	9.462,40	12.100,00	2.637,60 €	21,80%	1,21%
10. Compras	12.130,24	17.000,00	4.869,76 €	28,65%	1,70%
11. Seguros	99.255,78	92.300,00	-6.955,78 €	-7,54%	9,25%
12. Gastos de amortizacións	15.000,00	16.000,00	1.000,00 €	6,25%	1,60%
13. Gastos bancarios	10.000,00	12.000,00	2.000,00 €	16,67%	1,20%
14. Imprevistos e outros gastos	33.000,00	8.000,00	-25.000,00 €	-312,50%	0,80%
15. Gastos IRPF (Facenda)	16.000,00	16.000,00	0,00 €	0,00%	1,60%

1 de 19

O presidente da FGA defende ante a Asemblea Xeral a proposta que formula a Comisión Delegada e a Xunta Directiva de manter a actividade deportiva (seleccións galegas e campionatos de Galicia). Para iso e para cumprir os ingresos previstos na proposta de orzamentos, polos argumentos indicados con detalle nos puntos anteriores, inclúese o cobro de 3€ por atleta pola participación nos diferentes campionatos de Galicia tanto individuais como por equipos. Isto permitiría manter o Plan Galego de Tecnificación Atlética 2020 e cumprir o Plan de Viabilidade. Recordamos que a Xunta de Galicia, por exemplo, non ten en consideración aos Campionatos de Galicia Máster nos criterios de subvencións.

Intervén a tesoureira da FGA para indicar aos presentes que na documentación enviada e relativa a este apartado existe un erro. Na partida do CGX que figuran 700€, debe figurar a cantidade de 2.000€.

Chegado este momento, establécese unha quenda de intervencións, ante as que dende a Presidencia e Tesourería, vólvense reiterar argumentos xa explicados. Unha das intervencións foi a de Agustín González que lle preguntou ao presidente da FGA se se comprometía a non variar o custo das licenzas para a próxima tempada, no caso de que o plan de axuste proseguise a dinámica positiva deste ano. Isidoro Hornillos respondeu que, aínda que ao presidente non lle corresponde tomar esa decisión de forma unilateral, senón á propia asemblea, a título persoal comprométese a non facer propostas de subidas de licenzas deportivas para a vindeira tempada, pero que a asemblea é soberana e o presidente debe cumprir calquera resolución da mesma, polo que oficialmente non pode anticipar este tipo de actuacións.

Tras un longo debate e considerando que todos os membros da asemblea tiñan elementos de xuízo para pronunciarse, sométese a votación o proxecto de orzamentos para o ano 2020, insistindo que se inclúe na proposta os 3€ de cota a cada atleta que participe nos campionatos de Galicia, tanto individuais como de equipos das diferentes categorías.

Votos a favor: 22	Votos en contra: 14	Abstencións: 2
--------------------------	----------------------------	-----------------------

<i>Queda aprobado pola Asemblea Xeral o proxecto de orzamentos para o ano 2020.</i>
--

Víctor Pérez deixa constancia de que a votación da cota por participar nos Campionatos de Galicia debería facerse de forma independente á votación dos orzamentos do 2020. Asemade deixan constancia do seu voto negativo o Comesaña Sporting Club, Agrupación Viguesa de Atletismo, Club Atletismo San Miguel de Marín, Sociedad Atlética do Trega e Víctor Pérez Currás.

Toma a palabra o secretario da FGA para que así tamén quede reflectido, antes da marcha de diferentes membros da Asemblea, que en todo momento ao facer referencia á Dirección Técnica, non se fixo referencia ao labor que tamén desempeña o secretario técnico, que recae na persoa de Julio Santiago, o cal desempeña as súas funcións de maneira encomiable, da mesma maneira que tamén o está facendo Luis Gómez Fiaño. O presidente da FGA súmase a este agradecemento compartido.

12. Aprobación, se procede, do Plan Galego de Tecnificación 2020

Toma a palabra o director técnico da FGA, facendo referencia ao gran reto que supón a actualización deste Plan, o cal asumindo a súa parte de responsabilidade, non fora actualizado desde a tempada 2016/2017. Estamos falando dun plan ambicioso que lles foi remitido coa suficiente antelación aos membros da Asemblea para o seu estudo, polo que se establece unha quenda de intervencións, para que desde a Dirección da FGA se poida dar resposta a todas elas. Javier López Viñas suxire a posibilidade de que as concentracións se abran tamén á posibilidade dun carácter nacional e internacional e ao intercambio entre diferentes federacións. Se ben esas xuxestións xa están contempladas no plan, desde a Dirección Técnica agradeceríase calquera tipo de axuda pola súa parte para facilitar as ditas incorporacións para enriquecer as concentracións. Tamén fai referencia ao orzamento co que conta o plan e fanse as indicacións necesarias respecto á Dirección Económica. Despois dun debate entre os membros da Asemblea procédese á votación do Plan Galego de Tecnificación 2020.

Votos a favor: 26	Votos en contra: 2	Abstencións: 8
--------------------------	---------------------------	-----------------------

<i>Queda aprobado pola Asemblea Xeral o Plan Galego de Tecnificación Deportiva 2020.</i>

Votan en contra o Comesaña Sporting Club, e o Club Atletismo San Miguel de Marín.

13. Aprobación, se procede, do protocolo para a prevención, detección e actuación fronte ao acoso laboral e sexual, a discriminación e o abuso sexual

O secretario toma a palabra, en primeiro lugar, para dar as grazas a M^a Concepción Pérez Cerdeira, xa que co seu esforzo para a tradución de devandito protocolo, ademais de moita outra documentación, que co seu labor altruísta con esta federación, pon no seu xusto lugar ao idioma galego. Ademais, tamén aproveita para indicarlle o agradecemento para ser a delegada de Protección, ademais de agradecer a Rosa Sierra, membro da Xunta Directiva que forma parte do Comité Asesor deste protocolo.

O devandito documento foi realizado en base ao traballo dos servizos xurídicos desta federación, e tendo tamén en conta o protocolo establecido pola RFEA. O documento foi remitido con anterioridade a todos os membros da Asemblea, polo que logo da intervencións pertinentes, pásase á votación o Protocolo para a Prevención, Detección e Actuación fronte ao acoso laboral e sexual, a discriminación e ou abuso sexual da Federación Galega de Atletismo

Votos a favor: 36	Votos en contra: 0	Abstencións: 0
--------------------------	---------------------------	-----------------------

<i>Queda aprobado o Protocolo para a Prevención, Detección e Actuación fronte ao acoso laboral e sexual, a discriminación e o abuso sexual da Federación Galega de Atletismo</i>


14. Aprobación, se procede, das propostas de melloras dos recintos atléticos

Nestes momentos toma a palabra o presidente da FGA, para agradecer publicamente o esforzo por parte da Comisión de Estudo, en especial a Agustín González, iniciando este documento. Foi sometido a revisión en dúas ocasións por todos os estamentos do atletismo galego, cuxas achegas foron recollidas ademais das correspondentes rectificacións. Representa un traballo valioso que nos permite diagnosticar a situación actual das instalacións atléticas da comunidade autónoma, No mesmo, tamén se suscitan as propostas de melloras, na que tamén se ofrecen alternativas de recintos atléticos para aqueles concellos que non teñan un gran potencial económico. Trátase dun documento que se vai ir enriquecendo a medida que vaia avanzando no tempo.

Suscítase unha quenda de intervencións pertinentes para dar resposta a calquera das dúbidas que suscite o devandito documento, polo que unha vez finalizadas procédese á votación do mesmo.



INFORME E PROPOSTAS DE MELLORAS SOBRE A SITUACIÓN DOS RECINTOS ATLÉTICOS EN GALICIA



Actualizado a 20 de decembro de 2019

Votos a favor: 36

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Quedan aprobadas as propostas de melloras sobre os recintos atléticos en Galicia

15. Estudo e debate das propostas presentadas polos assembleístas

Órganos de Goberno da FGA.

Toma a palabra o secretario da FGA, facendo a consideración de dar lectura a todas aquelas propostas presentadas en tempo e forma para dar resposta a cada unha delas, despois do seu tratamento na Xunta Directiva e a Comisión Delegada celebrada na xornada da mañá do mesmo día 28 de decembro.

15.1. Propoñente: Dona María Rosario Castro Cabezas

Representante de Estamento de Clubs

Tema: *Pago de las cuotas de inscripción en los controles.*

Exposición: En relación con el pago de las inscripciones por competir, y teniendo en cuenta los reglamentos de las pruebas celebradas en Ourense el 15 de diciembre y previstas para Lugo el 21 de diciembre, indican el pago de la cuota de inscripción será abonada por el club correspondiente. Puedo respetar, y así lo hago, que se tenga que pagar una cuantía determinada para la participación, lo que no me parece adecuado es que sea el club el que tenga que hacerse cargo del pago de dicha inscripción.

La decisión de quien tiene que abonar dicha cuantía considero que deben ser los implicados, en este caso los clubs y los atletas. Si un club decide no costear dichos gastos, al final va a tener que estar pendiente de que los atletas les hagan el abono, o tener un delegado presente en todas las pruebas en las que esto ocurra para hacer el cobro de dichas cuotas.

Proposta: *El organizador de la prueba será quien de cobrar dichas cuotas el día de la recogida del dorsal.*

Nesta mesma liña existe outra proposta, a formulada polo presidente do Club Ría Ferrol Concepción Arenal, á que prosegue coa lectura o secretario da FGA.

Propoñente: Marcelino Crespo Rabanal

Representante de Estamento de Clubs

Tema: *Cobro por participación en controles, Trofeos, mítines.*

Exposición: Desde hace tiempo venimos observando que cada vez más, se está implantando la norma de cobrar por la inscripción-participación de los/las atletas en los Controles, Trofeos, Mítines de Pista Cubierta, Pista al Aire Libre, Campo a través, Ruta, etc, que se celebran en Galicia.

Proposta: *Que no se cobre por la inscripción-participación de los/las atletas en los Controles, Trofeos, Mítines de Pista Cubierta, Pista al Aire Libre, Campo a través, Ruta, etc, que se celebren en Galicia, organizados por la FGA o bien por sus delegaciones.*

O en su defecto, que se le cobre a los/las atletas en el momento de conformar y retirar su dorsal en la secretaría y no cargar dicho importe a la cuenta de los clubs, como se está empezando a implantar.

Consideramos desde nuestro punto de vista y experiencia, que los clubs ya soportamos una gran carga económica a lo largo de cada temporada, teniendo que hacer frente al abono de las licencias federativas de club y atletas, seguro deportivo

de atletas, seguro de responsabilidad civil, compra y renovación de las equipaciones (ropa), de material de entrenamiento para las escuelas del club y compra de material para competición específico para pruebas de concursos, abono de desplazamientos, manutención y alojamiento de atletas, entrenadores y delegados de diversos Campeonatos de España y Campeonatos gallegos y un largo etcétera de más gastos a lo largo de una temporada.

Responde Carlos Castro, secretario xeral da FGA. O sentir da Xunta Directiva e Comisión Delegada é favorable a atender a petición de que os propios atletas poidan facer o abono, naqueles casos nos que o solicite o propio club á FGA. Esa opción depende do programa da RFEA, xa que a FGA rexeita cobrar directamente en metálico, porque contravén calquera norma de transparencia e contabilidade. O presidente da FGA chamou esta mañá ao director de Competición da RFEA, José Luis de Carlos, para coñecer as posibilidades tecnolóxicas. Respondeulle que é posible, *"pero no antes del mes de mayo o junio"*. Nestes momentos, lémbrese, todas as federacións autonómicas e os seus estamentos están sufrindo problemas como consecuencia do cambio do software da RFEA para xestionar as licenzas, o que está repercutindo negativamente no normal desenvolvemento da actividade da FGA. Iso agora é prioritario na RFEA. Mentres tanto, terá que ser o propio club quen formalice o pagamento.

Neste momento procédese á votación, da posibilidade da inscrición ás actividades da FGA, a través da plataforma da RFEA por parte de Clubs e de atletas (sempre que a nova implementación da RFEA o permita).

Votos a favor: 23	Votos en contra: 7	Abstencións: 7
--------------------------	---------------------------	-----------------------

<i>Queda aprobada pola Asemblea Xeral a proposta do pagamento das inscricións por parte de atletas e club, sempre que a plataforma da RFEA o permita.</i>
--

15.2. Propoñente: Da. M^a Concepción Pérez Cerdeira

Representante de Estamento de Xuíces

Tema: Dieta de desprazamento para cubrir xurados doutras delegacións

Exposición: *Cando se necesita cubrir xurados doutras delegacións, os xuíces percibimos un suplemento de 9€ como dieta de desprazamento entre localidades cuxa distancia é superior aos 200 km entre ida e volta. Non obstante, hai percorridos superiores aos 300 km, nos que o tempo investido en percorrelas é de 4 horas ou máis (o que equivale a unha xornada na pista), polo que, nestes casos, considero necesario aumentar ese suplemento en 3€ máis.*

Proposta: *Que os xuíces que se despracen a cubrir xurados doutras delegacións cuxa distancia entre elas supere os 300km (entre ida e volta) cobren o suplemento de 12 € en vez de 9€ e que se manteña o de 9€ para distancias entre 200 e 300 km.*

Responde o secretario da FGA, facendo referencia ao deliberado na reunión de CD e XD e ao compromiso de levalo a cabo na próxima tempada á Asemblea Xeral. O motivo é que os necesarios axustes do 2020 esixen esforzos de todos os estamentos do atletismo galego, polo que tamén se require que os membros do Comité Galego de Xuíces se solidaricen e teñan en conta a dita situación. Por iso, a

dita proposta non se pode levar a votación por esta Asemblea Xeral, pero si na próxima.

15.3. Propoñente: Don. Javier López Viñas

Representante de Estamento de Clubs

Tema: P.G.T.D. 2020

Exposición: El PGTD publicado en la página web de la FGA es del 16/17 y algunos apartados no se cumplen.

Proposta:

- *Actualizar dicho PGTD*
- *Ponerlo en marcha en cuanto a diferentes actuaciones de coordinadores y responsables.*
- *Los resultados, seguimiento, participantes, informes etc. Hacerlos públicos, a todos los entrenadores, clubs, etc.*

Responde o secretario da FGA, facendo referencia á aprobación por parte da Asemblea Xeral do punto 12 da orde do día, o novo Plan Galego de Tecnificación 2020. Polo que non cabe lugar a unha nova votación por parte dos assembleístas, xa que, en consecuencia, a proposta verase atendida do anteriormente acordado.

15.4. Propoñente: Dona. María del Carmen Torres Castiñeira

Representante de Estamento de Jueces

Tema: Actuación Juez único

Exposición: Respecto al informe de un hecho problemático en una competición que se pasa al "Juez Único".

- *Se tarda mucho en resolver.*
- *No se le comunica a todas las partes involucradas las resolución.*

Proposta:

- *Más agilidad en la resolución de los casos y que la misma sea comunicada a todas las partes afectadas, o que se intervenga en el hecho*

O secretario da FGA indícalles aos presentes que a solicitante non forma parte dos membros da Asemblea Xeral. Non obstante, expón que rigorosamente se están cumprindo os prazos estipulados en cada un dos procedementos, como tamén se fai o seguimento das diferentes partes implicadas, ademais infórmase de todas as resolucións ao Comité Galego de Xuíces. En consecuencia, non debe ser sometido a votación á Asemblea Xeral porque a proposta que formula xa se está cumprindo.

15.5. Propoñente: Joaquín Pérez Pérez (Comesaña Sporting Club)

Representante de Estamento de Entidades Deportivas

Tema: Transparencia de Actas sesiones Órganos de Gobierno F.G.A.

Exposición: Además de para el normal desarrollo de las competencias estatutarias, por parte de miembros de lo Órganos de Gobierno F.G.A. (Asamblea General y la Comisión Delegada de la misma), por lógica y obligada transparencia institucional, en el plazo máximo de 15 días de celebrada cada sesión, los borradores del Acta correspondiente, deberán ser circulados a cada miembro componente de la Asamblea General F.G.A. , y una vez aprobadas definitivamente, en el plazo máximo de 15 días, además de circularlas nuevamente a dichos miembros, estas se expondrán públicamente en la página electrónica de la F.G.A.

Proposta: Circular y exponer públicamente las Actas de sesiones de los Órganos de Gobierno F.G.A. Se digitalizarán, si aún no lo estuviesen, de años anteriores para su exposición pública en la página electrónica F.G.A.

Responde o secretario da FGA, indicando que todas as actas son remitidas aos órganos competentes das mesmas. Así, o borrador da acta da pasada Asemblea Xeral foilles remitida por dúas veces a todos os seus membros no mes de xaneiro do 2019 e no mes de decembro do 2019 para que fose sometida á aprobación desta asemblea no día de hoxe.

As diferentes actas da Xunta Directiva e da Comisión delegada sonlle remitidas a cada órgano correspondente. Polo que, se así o desexa algún dos clubs, poden solicitálas ao seu correspondente representante dentro da Comisión Delegada. Tamén indica que todos os acordos desde o ano 2007 da XD e de CD realizados en reunións presenciais ou mediante o sistema telemático de Councilbox, están expostos publicamente na web da FGA.

Ademais infórmase de que non foi recollida ningún tipo de incidencia ao respecto do envío destas actas e a publicación dos acordos, exceptuando a indicada polo Club Comesaña Sporting Club.

Toma a palabra o vicepresidente da FGA, Eladio Gómez, para indicar que a FGA se cingirá á legalidade vixente e a todas as súas esixencias, que é como procede actualmente en todas as súas competencias e entre elas tamén está o cumprimento da Lei de Protección de Datos, con todas as restricións que iso poida levar consigo.

Toma a palabra Ángel Fidalgo para indicar que a proposta para ser tida en conta debe ser emitida polo presidente do Comesaña Sporting Club, que é a persoa que o representa, non Joaquín Pérez que é quen se acredita nesta Asemblea na representación do club, polo que non debería ser tida en conta por esta Asemblea.

Sométese a aprobación a proposta do Comesaña Sporting Club.

Votos a favor: 12	Votos en contra: 19	Abstencións: 6
--------------------------	----------------------------	-----------------------

<i>Queda rexeitada a proposta do Comesaña Sporting Club por parte daa Asemblea Xeral</i>

A continuación o secretario indica a retirada da proposta do Regulamento de actuación da Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo, xa que debe ser sometida a debate polos diferentes membros da Xunta Directiva e da Comisión Delegada, e que non puido ser revisada coa rigorosidade necesaria na reunión realizada no día de hoxe, 28 de decembo do 2019.

16. Rolda de intervencións dos membros da Asemblea Xeral

Toma a palabra o secretario xeral da FGA, para realizar a lectura dos diferentes rogos e preguntas.

16.1. Rogo

Nome: Carlos Morales Velasco

Representante de Estamento de Entrenadores

- *Tratar de no hacer coincidir nunca el Campeonato Gallego de marcha en ruta con campeonatos provinciales o gallego, de campo a través (escolar y federado).*
- *Tratar de no hacer coincidir el Campeonato de Galicia de marcha en pista de invierno con ligas abanca, campos a través (ponte romana, etc) o campeonatos similares que harían elegir entre uno y otro campeonao, además de conllevar porblemas.*
- *Tratar de no hacer coincidir el GP de Marcha de Los Cantones de A Coruña con otras pruebas importantes, sobretodo para que haya jueces suficientes, además de facilitar, como en los dos ruegos anteriores, todo a atletas, entrenadores y clubes.*

O secretario xeral e director técnico da FGA responde compartindo a preocupación de Carlos Morales para evitar a coincidencia das competicións indicadas no seu rogo coa marcha atlética. Fará todo o posible desde a Dirección Técnica para cumprir a súa petición. Lembra tamén que, por acordo da Xunta Directiva e Comisión Delegada, garantírase que durante o desenvolvemento do GP de Los Cantones da Coruña, a petición do CGX, non se desenvolverá ningunha actividade en pista, coa excepción de autorizar as carreiras en ruta que se puidesen celebrar ese mesmo día.

16.2. Rogo

Nome: Paula Iglesias Garnelo

Representante de Estamento de Atletas

Xustificación do persoal federativo enviado ao Campionato de España de Federacións celebrado en Pamplona o 27 de xullo de 2019.

A Federación como faise de forma rutinaria os delegados acompañantes da selección galega. Os convocados votamos en falta a presenza de persoal sanitario, véxase médicos, fisioterapeutas... e en cambio descoñecemos a razón da designación e das tarefas desempeñadas de parte do persoal federativo enviado.

O secretario xeral da FGA responde indicando que, no caso de que as condicións económicas o permitan, incluírase un fisioterapeuta en futuras convocatorias. Tal e como se pode ler na circular 88/2019, acompañaron á Selección Gallega 7 oficiais, segundo se indica na circular 88/2019.

- Jefe de expedición: Carlos Castro Vicente
- Persoal Federativo: Jesús Vázquez Tallón e Miguel Soto Castiñeira
- Representante do CGX: Andrés Anxo Pérez Sánchez
- Adestradores/as: Manuel Martínez Ageitos; Margarita Garnelo Merayo e Raimundo Fernández.

Como é costume, o Comité Galego de Xuíces selecciona sempre un xuíz, neste caso, Anxo Pérez, para solventar calquera tipo de incidencia ou reclamación que poida xurdir no desenvolvemento da competición. Tamén fai referencia a que o presidente da FGA acudiu a Pamplona, pero á marxe da expedición, xa que tivo unha reunión o mesmo venres, viaxando antes no vehículo oficial federativo, utilizado tamén para o transporte de diferentes membros da selección tanto ao hotel como á competición, a pesar de que se programaron varias viaxes no autobús contratado para dar o maior acomodo aos/as atletas.

Os dous membros da Xunta Directiva xunto ao Xefe de Expedición encargáronse de cubrir calquera continxencia que puidese xurdir durante a competición e viaxe, asumindo, ademais, funcións de acompañamento e seguimento dos atletas na zona de quecemento, en contacto coa Secretaría de resultados e adestradores por se había que efectuar algún cambio antes da competición de cada proba. Coa disposición de que, ante calquera posible problema, puidesen acompañar ao atleta que necesitase acudir aos servizos médicos oficiais do evento. Tamén, na medida das súas posibilidades, efectuaron fotografías e videos para facilitar información ás RRSS da FGA e poder dar a maior visibilidade e difusión das actuacións da nosa selección.

16.3. Pregunta

Nome: Carlos de la Torre Allariz

Representante de Estamento de Clubs

A subida continua das licenzas federativas (autonómicas) e de atletas nesta tempada (2020). Cando se dixo na pasada tempada que non se ían a subir.

O secretario xeral da FGA indica que a dita pregunta foi debidamente xustificada, debatida e votada durante as últimas horas, obtendo, ademais, a aprobación da Asemblea.

16.4. Rogo

Nome: José V. Rioseco López

Representante de Estamento de Atletas

Si la directiva lo tiene a bien, se podría aprovechar este momento para pedir el voto a los atletas de Galicia, para que voten al mejor atleta máster de la Federación Española, que presenta, entre otros, a un atleta gallego.

Responde o presidente da FGA, para indicar a pertinencia do rogo, e poñer en valor o altísimo nivel dos atletas máster galegos, un dos cales é José V. Rioseco, plusmarquista mundial en varias disciplinas e que dan prestixio ao deporte y ao atletismo. Isidoro Hornillos indica que algún día a sociedade será capaz de dimensionar con maior xustiza a enorme calidade dos rexistros que realizan os atletas máster, xa que, probablemente, falten máis referencias estatísticas na actualidade. Súmase á petición do representante de atletas para propiciar unha resposta colectiva, apoiando aos atletas galegos designados, xa que considera que posúen méritos suficientes para ser elixidos pola RFEA.

16.5. Pregunta

Nome: José Luis Domínguez González

Representante de Estamento de Clubs en representación da Agrupación Viguesa de Atletismo.

¿Cuál ha sido el saldo de la organización de la liga Abanca para menores celebrada en las últimas fechas?

¿Se ha cubierto el gasto con la aportación del patrocinador y las cuotas de inscripción? De no ser así, ¿Por qué se incumple el criterio de gasto en las competiciones organizadas por la federación?

Se solicita que se vuelva al sistema anterior. Que con una aportación del patrocinador se cumple sobradamente el gasto, incluso obteniendo beneficios.

Responde o presidente da FGA, indicando que o balance deportivo superou dabondo as máis optimistas das previsións, mellorando amplamente o número de xornadas celebradas, o número de participantes, tanto atletas como clubs, e o número de participacións, en relación ao modelo anterior. A excepción dun grupo moi reducido de clubs, contrarios ao modelo implantado, a Dirección Técnica optou por propoñer á Xunta Directiva e Comisión Delegada da Asemblea, quen o aprobaron, o actual sistema, tras constatar o amplo respaldo ao seu enfoque técnico da inmensa maioría dos clubs, referendado logo coa alta participación.

En relación aos ingresos e gastos atópanse perfectamente detallados na liquidación provisional aprobada por esta Asemblea. Entre a contribución de Abanca e as cotas permitiron afrontar os 13.598,75 euros dos gastos cunha diferenza mínima en torno a 200 euros, se ben, debido ao carácter provisional da liquidación aprobada, puidese sufrir algún lixeiro reaxuste, polo que se controlou en todo momento a rigorosidade do proceso.

O secretario técnico da FGA, Julio Santiago Freijanes, achega datos extraídos da plataforma da RFEA, a modo de exemplo, informando á Asemblea que, en relación ás participacins da provincia da Coruña, medraron desde 719 na tempada anterior co modelo antigo ata 2631 na actual co novo enfoque.

16.5. Pregunta

Nome: José Luis Domínguez González

Representante de Estamento de Clubs en representación da Agrupación Viguesa de Atletismo.

¿Qué incluye el convenio con la Xunta de Galicia en referencia a la contraprestación económica que esta aporta? Los 304.293,65€ que deben cubrir el coste de los diferentes campeonatos gallegos. De no ser así, ¿Podrían explicarnos detalladamente a qué se dedica este dinero? ¿Se corresponde el gasto con el convenio?

O presidente da FGA responde que a cantidade procedente da Xunta de Galicia no exercicio 2019 foi de 292.221,45 €, froito do convenio da Subvención Ordinaria (227.099 €); de Equipamento (24.122,45 €) e de Igualdade (41.000 €).

O convenio da Subvención Ordinaria divídese, tal e como se explicou con anterioridade, nas seguintes partes:

1. *Gastos xerais de funcionamento:* **56.750 €**, destinados á estrutura federativa.
2. *Tecnificación e rendemento no CGTD:* **25.200 €**, investidos no persoal do CGTD de Pontevedra.

3. *Campionatos de España en Idade Escolar por Seleccións Autonómicas (CESA) convocados polo CSD: 14.000 €, para afrontar as seleccións galegas escolares de campo a través e pista.*
4. *Actividade deportiva ordinaria: 106.149 €, que permitiron cubrir o 100% dos custos do resto das seleccións galegas (52.374 €), pero só o 36,41% dos custos dos Campionatos de Galicia, que custaron en total 155.908 €, dos cales só se puido achegar 53.775 € do resto da subvención ordinaria da Xunta de Galicia e os 3.000 € do punto 6 desta estrutura para unha parte dos custos dos campionatos de Galicia de menores que non sexan XOGADE.*
5. *Tokio 2020: 0 €.*
6. *Actividade deportiva de promoción. 3.000 €. Destinados, tal e como se indica no punto 4 aos Campionatos de Galicia de Menores.*
7. *Outros proxectos de especial relevancia: 22.000 €. Destinados ao Campionato de España Master Pista Cuberta Campionato de España Master (16.000) Campionato de Medio Maratón (4.000) Gran Premio Cantóns da Coruña (2.000).*

O resto da subvención do 2019 dividiuse en Equipamento, 24.122,45 €, destinado á compra de diverso material de competición e pantallas marcadores LED e de Igualdade (41.000 €) que se destinarán para a actualización dos uniformes oficiais das Seleccións Galegas escolares e federadas e soporte publicitario á campaña da Consellería.

16.6. Pregunta

Nome: Mar Chillón Camaño

Representante de Estamento de Atletas

Convocatoria selección gallega absoluta para o campionato de España de federacións (Pamplona, 27/07/2019).

Na publicación da lista de convocados para dito campionato, para sorpresa de moitos atletas que falaban cos seus correspondentes responsables de sector en datas previas, en moitos casos apareceron coma convocados os atletas convocados á cabeza do ranking galego e non os acordados por parte dos antes mencionados responsables (tendo en conta as circunstancias persoais de cada atleta)

Tendo constancia incluso de chegar á dimisión por parte dun destes cargos, sentindo que a súa labor e consecuente elección non estaba sendo tida en conta, gustaríame preguntar quen toma dita decisión e en base a que, tendo xa a resposta negativa de varios dos atletas convocados.

O director técnico da FGA, Carlos Castro, responde afirmando que o responsable desa decisión é el, xa que esa función forma parte das súas competencias. Matiza que os responsables dos sectores deben emitir ao director técnico as propostas e recomendacións para facilitar finalmente a toma de decisións. En consecuencia, a responsabilidade final é do director técnico, o cal ten a potestade e obrigação de seleccionar os mellores atletas galegos en cada convocatoria, segundo estime como a máis adecuada.

Prosegue dicindo que antes da dita convocatoria, mediante circular, realizouse outra cos atletas preseleccionados, os cales libremente podían acompañar á selección ou

ben rexeitala. Hai que indicar que algúns dos atletas referenciados en canto á súa negativa a acudir á selección, despois desa preselección, decidiron finalmente acompañala. En consecuencia, a FGA non pode renunciar a convocar os mellores atletas, tanto en categoría masculina como feminina, e que en ningún caso, como se chegou a afirmar, se fixo co obxecto de causar ningún tipo de perxuízo respecto a calquera tipo de axuda a percibir desde a Xunta de Galicia. E para iso, a día de hoxe, esa afirmación é unha falacia máis, das moitas que se din. Todos os atletas que solicitaron certificados á FGA foron atendidos, sen considerar que acudisen ou non á selección galega. Desde esta Secretaría da FGA dilixenciáronse rigorosamente todas as especificacións de todos eles.

Sendo as 22,07 horas remata a Asemblea Xeral. O presidente da FGA, Isidoro Hornillos, diríxese a todos os membros presentes, agradecendo a súa asistencia, amosando a súa satisfacción polo traballo desenvolto e desexándolles unhas Felices Festas e un mellor ano 2020.